

2. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público non se preste procederá a devolución do importe correspondente.

A débedas que se produzan por esta ordenanza serán esixidas polo procedemento de prema.

ARTIGO 5. TARIFA

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas neste apartado:

a) Visita guiada á Igrexa de Santa María de Meira:

-Persoas físicas: 1,50 euros/persoa

-Axencias, grupos de particulares e Asociacións, sendo o grupo mínimo de cinco persoas:

- De 5 a 10 persoas: 1 euro/persoa.
- De 10 a 50 ou máis persoas: 0,50 euros/persoa.
- Grupos escolares: Gratis

-Nenos menores de 10 anos acompañados dun adulto: Gratis

b) Visita á Sacristía, Coro e Salón Parroquial:

As tarifas reguladas no apartado anterior incrementaranse en 1,5 €.

ARTIGO 6. XESTIÓN

Corresponde ao Concello, que poderá delegar na Oficina Municipal de Turismo, o cobro así como o establecemento dos horarios e estrutura das visitas.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobada por el Pleno de la Corporación, entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial de la Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación o derogación expresa acordo co previsto nos artigos. 16.2 del RDL 2/2004, 107.1 e 111 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Meira, 28 de decembro de 2015.- O alcalde, Antonio de "Dios Alvarez

R. 4701

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

LICITACIÓN

De conformidade co Acordo alcanzado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21.12.2015, por medio do presente anuncio se efectúa convocatoria do procedemento aberto para a adxudicación do contrato do Servizo de Recollida de Animais Domésticos Abandonados do Concello de Monforte de Lemos.

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
- b. Dependencia tramitadora: Secretaría/Servizo de Contratación.
- c. Número de expediente: (EXP.009-SERV15-ter-)

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a. Descrición do obxecto: Servizo integral de recollida e aloxamento de animais domésticos abandonados dentro do termo municipal do Concello de Monforte de Lemos.
- b. Prazo de duración: 3 anos.
- c. Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 4 anos.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

- a. Orzamento neto: 6.000,00.-€/ano (IVE excluído).
- b. 1.260,00.-€ (IVE 21%).

c. Total.- 7.260,00.-€ (IVE engadido).

5. GARANTÍAS

a. Provisional.- Non se esixe.

b. Definitiva.- Subscrición polo licitador dun contrato de seguros que cubra a indemnización por riscos profesionais (Responsabilidade Civil) cunha cobertura mínima de 150.000,00.-€ por sinistro.

6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

a. Perfil do contratante: www.monfortedelemos.es

b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.

c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).

d. Teléfono: 982.402.501 (Ext.262).

7. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

a. Clasificación.- non se esixe.

b. Solvencia técnico-económica.- a través dos medios previstos na cláusula 4.2 do PCAP.

8. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeneral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9.00 a 14.00 horas, dentro dos **15 DÍAS HÁBILES** seguintes a aquel en que apareza o anuncio de licitación publicado no BOP. Se o último día de prazo finaliza en sábado ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación, dentro da data e hora establecidos como prazo de presentación, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

9. APERTURA DE OFERTAS

a. No perfil do contratante da páxina web municipal publicarase o lugar e a data e hora de apertura das ofertas.

10. CRITERIO BASE PARA A ADXUDICACIÓN

a. **Documentación técnica**.....ata 40 puntos.

Deberá recollese o **Proxecto integral de organización e prestación do servizo de recollida** no que se deba incluír os seguintes extremos

A estrutura organizativa do servizo, con expresión detallada das labores a realizar, tempos de resposta, o programa de traballo, coordinación cos servizos técnicos do Concello de Monforte de Lemos, destino ou tratamento de cadáveres (ata 10 puntos).

Medidas de protección ambiental (ata 10 puntos).

Propostas de resolución de problemas en situacións de incerteza ou extrema dificultade (ata 10 puntos).

Medidas de benestar animal (ata 10 puntos).

O proxecto incluírá os cadros, gráficos e esquemas necesarios para describir fielmente a natureza do servizo e o seu modo de realización.

b. **Oferta conómica**.....ata 60 puntos.

GASTOS DE ANUNCIOS

a. Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario ata o límite máximo de 600,00.€.

Monforte de Lemos, 21 de decembro de 2015.-O Alcalde, José Tomé Roca.